

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a proposta de bases que rexerán o procedemento de selección mediante concurso dunha praza de monitor/a deportivo, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que fosen seleccionados/as, con carácter temporal por vacante, efectuada polo Concelleiro de Deportes.

Proponse convocar a praza vacante mediante un proceso de selección público baseado nos principios de igualdade, mérito e capacidade, garantindo tamén a celeridade, co obxectivo de atender necesidades de carácter urxente e imprescindible. O proceso selectivo terá carácter aberto e garantirase a libre concurrencia mediante concurso de méritos, xustificándose este sistema pola súa axilidade e adecuación á cobertura inmediata das necesidades detectadas.

Examinadas as bases da convocatoria e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras que rexerán o procedemento de selección mediante concurso dunha praza de monitor/a deportivo/a, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que fosen seleccionados/as, con carácter temporal por vacante.

SEGUNDO.- Dispoñer a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro da anuncios da Sede Electrónica do concello [<https://meis.sedelectronica.gal>]; publicándose o texto íntegro das presente bases, completas, na Sede Electrónica e páxina web do Concello: www.meis.gal.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta, en Meis, na data que figura á marxe deste documento asinado electronicamente, do que a Secretaría toma razón aos únicos efectos de dar fe pública e transcripción ao Libro de Resolucións.

A Alcaldesa
Asdo.: Marta Giráldez Barral

A Secretaria-Interventora
Asdo.: María Gómez García

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

